



# FERVENZAS DE XOVE

Adela Leiro, Mon Daporta





**Distancia:** Xove-Pozo da Ferida: 14 km  
A pé: 5 km

**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 3 horas

**Unha pequena ruta no concello de Xove para visitar dúas fervezas.**

**Pódese facer desde Xove, pola estrada que vai a Rigueira e O Monte e volve a Viveiro por Valcarría e Chavín; ou desde Viveiro pola estrada que vai a Chavín e Valcarría.**



Fervezas de Torrillón

## Torrillón

No lugar de Torrillón, na parroquia de Rigueira (Xove). O río Rigueira, ten un curto percorrido con moito desnivel no que abundan os rápidos e pequenas fervezas.

### COMO CHEGAR:

Desde Xove cóllese a estrada a Rigueira e O Torrillón e alí unha pista que segue o río. As fervezas atópanse a carón da presa da captación de augas.

## Pozo da Ferida

No río Loureiro, afluente do Landro, na parroquia de Monte (Xove), lindando con Valcarría (Viveiro).

A ferveza cae nun desnivel de rochas graníticas duns 30 m de altura e forma unha poza circular rodeada de amieiros, salgueiros, carballos e fentos.

### COMO CHEGAR:

Séguese ata O Monte e despois en dirección a Valcarría onde aparece sinalizada a ruta da ferveza.

Tamén se pode facer unha ruta máis lona desde valdao (Valcarría).



Pozo da Ferida